



O Niño III

Cando o sol apremaba e cando máis desesperadiño me sentía, vin aparecer a Ayla, moi seria e ca lingua fóra acercase ao regato, pégalle unhas lambidas e dime:

– É boa esta auga.

Eu, nervioso, prégolle

– ¡Sácame de aquí!

Ela sigue bebendo e dí

– Fai falta ser parvo para deixarse enganar desta maneira

– Iso xa mo dixeron, ¡sácame de aquí!

Sen pensalo máis, meteuse na auga e facendo un esforzo conseguiu que non a desviase do seu camiño, tivo algunha dificultade para subir á pedra porque lle esvaraban as patas pero ¡logrouno!. Eu abráceime a ela, pero vin que estaba cabreada e non me facía caso. Mandoume subir por riba dela e que apretase ben o niño contra min, botouse de novo á auga que nos levou un pouco máis abaixo, pero ó final sacounos á terra con destreza. Sen dar explicacións, colleu o niño e meteuse entre as árbores guiada pola paxara e ó pouco apareceu sen nada, logo diríxese a min e pregúntame:

– ¿Tes fame?

– Si

– ¿E estás canso?

– Moito

– Pois vas ter que aguantarte, aínda queda moito camiño ata chegar a casa, por certo –engadiu- telos a todos revoltos pensando que será de ti.

Eu submiso pregunteille

– ¿E ti como chegaches ata aquí?, non podes saír, o arame é moi alto.

Ela contestoume de mala maneira

- Teño unha solución para emerxencias como esta pero é un segredo que soamente eu o sei.
- ¿Estás moi enfadada comigo, Ayla?
- Estou.

Quixen xustificarme

- Enganoume o Otelo
- Sabes que do Otelo non te podes fiar nunca, porque lle fixeches moito dano.
- ¡A supervivencia!

Pareceume que o enfado empezaba a amainar cando me dixó:

- A túa supervivencia se non fora pola paxara e por min ía ser curta.
- Serei máis xuízoso a partir de agora
- Dubídoo. Desta aventura nin palabra a ninguén, ¿entendido?.

Baixei a cabeza e non repliquei. O forno non estaba para bolos.

Ó chegar á porta, a Ayla mandoume saltar o muro pola parte de adiante para que ti me viras chegar e te puxeras contenta, ela non sei que fixo pero nun intre xa estaba dentro da finca como se nada. Ti queríasme apertar de tanta alegría que tiñas por volver a verme despois dun día sen saber de min. O meu cansancio fixo que che contestase fungando, escusa, para que ti empezaras ca lería de sempre: que se son un áspero, que se un desagradecido, que co que ti me queres...

De alí a certo tempo, unha mañá que andaba dando unha voltiña por debaixo dos carballos, sentín moito piar de paxaros, abraceime a un dos carballos e saquei as uñas como facían os gatos grandes ¡e nesto! Chámame dende arriba a paxara do regueiro, moi contenta, cos filliños revoloteando ó redor, e dime

- Tranquilo Froilán que son eu, que veño a ensinarte os paxariños que ti e máis a Ayla salvastedes. É o seu primeiro voo e quixen que fora para vervos a vos. ¿Verdade que son os máis bonitiños de por aquí?.

Entón a Ayla, que chegara en silencio, repúsolle

- ¿ Só de por aquí? Non, paxara, non. Son os mais bonitiños do mundo enteiro

A paxara satisfeita polo cumprido, pero á vez penosa, contestoulle:

- Se non fora por eses descastados do Otelo e a súa cuadrilla ¡como podían adornar a fraga cos seus cantos e a súa ledicia!, pero esas bestas calquera día cómenos.

A Ayla, tan formal como sempre, díxolle

- Prométoche que eses lacazáns non van volver por alí, así que cría aos teus fillos e non penses en desgrazas. De todas formas ensínalles que os inimigos aparecen en calquera momento e en calquera canto e que teñen que saber fuxir e distinguir.

Eu terciéi na conversa

- ¿Pero fuxir non é de cagainas?
- Fuxir a tempo é un arte, Froilán.

Naquel momento a resposta da Ayla deixoume descolocado, pero agora, que pasaron os anos, podo dicir que foi un bo consello que aínda hoxe poño en práctica.